No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. En particular, unha execución por baixo do 40 % da base subvencionable aprobada considerarase un incumprimento total.

5. No período de mantemento dos investimentos, nos casos en que se aplique o artigo 13.a) destas bases reguladoras, procederá a incoación dun procedemento de reintegro da subvención correspondente ao activo non mantido, de forma proporcional ao período en que se incumprise este requisito.

Non manter a publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no artigo 13.c) destas bases, suporá o reintegro dun 2 % da subvención concedida.

6. Réxime sancionador: ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15. *Comprobación de subvencións, fiscalización e control*

1. O Igape ou o Inega comprobarán a xustificación adecuada da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

Nas subvencións de capital superiores a 60.000 €, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será de aplicación o establecido no artigo 60.2 do Decreto 11/2009.

Como mínimo farase unha comprobación *in situ* nunha mostra aleatoria do 5 % das subvencións concedidas.

2. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes do gasto será de catro anos desde a súa presentación.

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

3. Para todo o non previsto nos puntos anteriores, será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Igape ou o Inega para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Para tal fin, deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos subvencionables, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control durante, polo menos, un período de 4 anos desde a súa presentación.

Artigo 16. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións teñen a obriga de subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 17. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase a seguinte normativa:

a) Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L, do 15 de decembro de 2023).

b) Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE.

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

c) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

d) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

e) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

f) Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica.

g) O resto da normativa que resulte de aplicación.

**Disposicións específicas liña A**

**Investimento: axuda sobre o volume de investimento en equipamentos, sistemas ou obras.**
**Consultoría: axuda sobre a elaboración de proxectos de futuro ante a transición do sector.**

Artigo 18. *Conceptos subvencionables, condicións e intensidade de axuda*

1. Conceptos subvencionables:

a) Investimento en activos fixos tanxibles e intanxibles en que incorra a empresa desde o 1 de xaneiro de 2024 e anteriores á data de solicitude; tamén se poderán incluír investimentos que se realicen ata o 16 de decembro de 2024.

• Compra de maquinaria ou bens de equipamento.

• Obras de reforma e rehabilitación de naves ou espazos produtivos.

• Programas de implantación de solucións tecnolóxicas (software e hardware).

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

• Outros investimentos en activos fixos.

b) Custos de elaboración de estudos ou análises de transición cara á mobilidade sustentable ou calquera tipo de consultoría estratéxica que impulse a competitividade da empresa, realizados entre o 1 de xaneiro e a data de solicitude, ou ben pendentes de elaboración (caso en que deberá estar rematado antes do 16 de decembro de 2024).

2. Condicións:

O importe mínimo de custo subvencionable total deberá acadar os 100.000 €.

Os investimentos en activos fixos, materiais ou inmateriais, deberán ser adquiridos en propiedade pola persoa beneficiaria e deberán ser adquiridos a terceiros. Os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación entre empresas se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 43.2 do Decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos números 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

Non serán subvencionables en ningún caso impostos, xuros e gastos financeiros, e taxas.

3. Intensidade de axuda:

Concederase unha axuda do 70 %, ata un máximo de 300.000 €, para os custos subvencionables en que incorrese a empresa durante o período subvencionable, que abarca desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o remate das actuacións propostas, que non deberá superar en ningún caso o 16 de decembro de 2024.

Artigo 19. *Documentación complementaria*

1. Para investimentos e gastos realizados antes da data de solicitude de axuda:

a) Documentación xustificativa do gasto: documentos acreditativos dos gastos, consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberá conter suficiente información que permita relacionalas co gasto xustificado.

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

b) Documentación xustificativa do pagamento, conforme o pagamento foi realizado efectivamente dentro do prazo de execución, por algún dos seguintes medios:

1º. Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, ou xustificante electrónico de transferencia bancaria en que conste o código de verificación na sede electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento e o importe da factura. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

2º. Informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucións posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados coma subvencionables no expediente.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase facer relación delas no formulario de solicitude.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ás accións subvencionadas, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas nas accións e, ademais, algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou xustificante de recepción asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ás accións subvencionadas.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con copia dos documentos bancarios de cargo en que conste o cambio empregado.

c) Plan e proxectos de futuro para a empresa ante a transición do sector cando a actuación subvencionable conteña a súa elaboración, no caso de terse realizado e rematado antes da data de solicitude.

d) Fotografías dos investimentos realizados instalados no establecemento.

2. Para investimentos e gastos proxectados para executar con posterioridade á data de solicitude e ata o 16 de decembro de 2024:

Listaxe completa dos gastos e investimentos previstos, que se deberá cubrir no formulario de solicitude.

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

Artigo 20. *Instrución dos procedementos, resolución e notificación*

1. As solicitudes de axuda serán revisadas polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos á persoa solicitante e dos datos declarados na solicitude de axuda e no formulario electrónico e da documentación presentada.

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e ao ser unha convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva, as axudas resolveranse segundo o establecido no artigo 2.3 destas bases reguladoras.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude ou o formulario non reúnen algunha da documentación ou informacións previstas nas bases, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. A Área de Competitividade ditará proposta de resolución con base neste procedemento e elevaraa á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, quen resolverá a concesión das subvencións por delegación do Consello de Dirección do Igape.

A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación da persoa beneficiaria, contía da subvención e as obrigas que correspondan. E no caso das axudas da liña A informarase a persoa beneficiaria sobre o carácter *de minimis* da axuda, facendo unha referencia expresa e completa ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis*.

Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o establecido no punto cuarto da resolución de convocatoria; transcorrido este, poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

4. As notificacións das resolucións e actos administrativos do procedemento practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As persoas solicitantes deberán acceder á páxina web do Iga-

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

pe na ligazón enlace tramitación telemática (https://www.igape.gal/gl/notificacion-telematica) para recibir as notificacións. O sistema solicitará da persoa interesada o seu certificado dixital en vigor e a sinatura electrónica dun xustificante de recibo das notificacións (xustificante de recepción telemático).

Artigo 21. *Xustificación da execución. Documentación xustificativa*

a) Plan e proxectos de futuro para a empresa ante a transición do sector cando a actuación subvencionable conteña a súa elaboración.

b) Fotografías dos investimentos realizados instalados no establecemento.

**Disposicións específicas liña B**

**Axuda a proxectos de aforro e eficiencia enerxética.**
**Axuda a proxectos de enerxías renovables.**

Artigo 22. *Condicións, conceptos subvencionables e intensidade de axuda*

1. Condicións e conceptos subvencionables.

Poderán ser subvencionables os investimentos realizados desde a data de presentación da solicitude de axuda ata o 16 de decembro de 2024. Calquera investimento realizado fóra deste período non será subvencionable.

A axuda solicitada debe supoñer un efecto incentivador para o proxecto presentado. Existe efecto incentivador cando a axuda cambia o comportamento da empresa de modo que esta non emprendería o proxecto obxecto de solicitude sen a axuda, ou que só a emprendería dunha maneira limitada ou diferente. A axuda non debe subvencionar os custos dunha actuación en que a empresa incorrería en calquera caso.

Para tal efecto, antes de iniciar o proxecto, a persoa solicitante deberá presentar a solicitude da axuda. Ningún dos custos alegados sobre os que se solicita subvención poderán ser efectuados con carácter previo á solicitude; de ser así, a totalidade do proxecto será considerado non subvencionable, de acordo coa exixencia de efecto incentivador prevista no artigo 6 do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión.

Considérase que o proxecto xa foi iniciado cando exista un primeiro compromiso en firme para a execución das obras ou para a adquisición dalgún dos elementos integran-

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

tes do proxecto, entendéndose por proxecto calquera dos investimentos comprendidos na solicitude da axuda. Neste sentido, considérase que existe compromiso en firme no caso de existir un contrato ou oferta asinado entre as partes, ou un pedido, para calquera dos elementos subvencionables.

O investimento mínimo para que un proxecto sexa subvencionable establécese en 100.000 €.

2. A continuación, defínense os proxectos subvencionables en función da súa tipoloxía, diferenciando entre proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables:

a) Proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

Axudas ao investimento que permitan ás empresas mellorar a eficiencia enerxética en ámbitos distintos do dos edificios. Teranse en conta as seguintes actuacións:

i. Mellora da eficiencia enerxética en equipamentos e procesos industriais.

ii. Implantación de sistemas de monitorización e control destinados á mellora da xestión enerxética.

Serán subvencionables os custos de investimento adicionais necesarios para lograr un nivel máis elevado de eficiencia enerxética. Cando o investimento consista nun investimento claramente identificable destinado unicamente a mellorar a eficiencia enerxética e para a que non exista un investimento de contraste con menos eficiencia enerxética, os custos subvencionables serán o total dos custos de investimento. En caso contrario, o custo subvencionable determinarase comparando os custos do investimento cos dunha hipótese de contraste sen axuda.

A hipótese de contraste corresponderá a un investimento cunha capacidade de produción e un ciclo de vida comparables que cumpra normas da Unión que xa estean en vigor. A hipótese de contraste será crible á luz dos requisitos legais, das condicións do mercado e dos incentivos xerados polo réxime de comercio de dereitos de emisión da UE.

De forma alternativa, os custos subvencionables poderanse determinar sen a identificación dunha hipótese de contraste. No devandito caso, os custos subvencionables serán o total dos custos de investimento directamente vinculados á consecución dun nivel máis elevado de eficiencia enerxética e as intensidades de axuda aplicables reduciranse nun 50 %.

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

O custo subvencionable estará limitado en función do aforro enerxético xustificado, a un máximo de 1 euro por cada 0,08 kWh de aforro enerxético de enerxía final. Os custos que non estean directamente vinculados á consecución dun nivel máis elevado de eficiencia enerxética non serán subvencionables.

Non se concederán axudas en virtude do presente artigo para os investimentos que se realicen co fin de cumprir normas da Unión que fosen adoptadas e estean en vigor.

As axudas para a instalación de equipamentos de enerxía alimentados por combustibles fósiles, incluído o gas natural, non estarán incluídas.

b) Proxectos de enerxías renovables.

Axudas ao investimento para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa enerxía procedente de fontes renovables e co hidróxeno de orixe renovable. Teranse en conta as seguintes consideracións xerais:

i. No caso de proxectos relacionados co aproveitamento de enerxías renovables para a xeración de electricidade, só serán elixibles aqueles destinados ao autoconsumo.

ii. Axudas ao investimento para proxectos de almacenamento de electricidade unicamente na medida en que se concedan a proxectos combinados de enerxía renovable e almacenamento (*behind-the-meter*-«tras o contador»), sempre que ambos os elementos sexan compoñentes dun único investimento ou que o almacenamento estea conectado a unha instalación de enerxías renovables existente. O compoñente de almacenamento absorberá polo menos o 75 % da súa enerxía de instalacións de xeración de enerxía renovable directamente conectadas, sobre unha base anual, e non serán subvencionables as baterías de chumbo-ácido. As mesmas normas serán de aplicación ao almacenamento térmico conectado directamente a unha instalación de produción de enerxías renovables.

iii. Axudas ao investimento para instalacións de produción, distribución e/ou consumo de hidróxeno renovable unicamente na medida en que a electricidade utilizada para a produción no electrolizador sexa de orixe renovable. Para a acreditación da orixe renovable da electricidade observarase o disposto no Regulamento delegado (UE) 2023/1184 polo que se completa a Directiva (UE) 2018/2001 sobre fontes de enerxía renovable.

iv. No caso de instalacións de biocarburantes, biolíquidos, biogás, e combustible de biomasa, deben xustificar que cumpren os criterios de sustentabilidade e redución das

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

emisións de gas de efecto invernadoiro da Directiva (UE) 2018/2001 e os seus actos de execución ou delegados, e que se produciron a partir das materias primas enumeradas no anexo IX da dita directiva.

Serán custos subvencionables os custos totais do investimento asociado á xeración renovable; son de aplicación os seguintes custos elixibles máximos en función da potencia e dos requisitos específicos para as seguintes tecnoloxías:

i. Renovables eléctricas:

| Renovables eléctricas | |
|---|---|
| Tecnoloxía | Investimento elixible máximo (IVE non incluído) |
| Fotovoltaica | 1.000 €/kW |
| Minieólica | 4.000 €/kW |
| Almacenamento (baterías) | 750 €/kWh |

Para os efectos destas bases, considérase potencia nominal da instalación a potencia mínima entre a potencia nominal dos inversores e o sumatorio da potencia pico dos paneis instalados. En instalacións illadas da rede a potencia nominal coincidirá co sumatorio da potencia pico dos paneis instalados.

No caso de instalacións de xeración eléctrica de autoconsumo con excedentes en que a suma da potencia instalada (tendo en conta a instalación prevista e as preexistentes) no centro de traballo sexa superior a 500 kW, será condición imprescindible para ser subvencionable a presentación da autorización administrativa previa e de construción na fase de solicitude de axuda.

Os módulos fotovoltaicos deberán ter unha eficiencia enerxética igual ou superior ao 20,5 % para unha irradiación de 1.000 W/m$^2$ e a unha temperatura de 25 ºC.

Non serán subvencionables as baterías de chumbo-ácido.

ii. Renovables térmicas:

| Renovables térmicas | |
|---|---|
| Tecnoloxía | Investimento elixible máximo (IVE non incluído) |
| Biomasa | 450 €/kW |
| Aerotermia | 1.000 €/kW |
| Xeotermia | 1.800 €/kW |
| Solar térmica (paneis planos) | 1.000 €/kW |
| Solar térmica (tubos de baleiro) | 1.500 €/kW |

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

No caso de instalacións de bombas de calor (aerotermia e xeotermia), tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo da potencia: 0/35 ºC para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 ºC para aerotermia.

Ademais, en calquera dos casos anteriores, o sistema deberá poder ser considerado como renovable, o que se verificará conforme a norma UNE-EN 14825/2012, UNE-EN 12309 ou mediante o cumprimento dos requirimentos mínimos incluídos no documento Prestacións medias estacionais das bombas de calor para a produción de calor en edificios, emitido polo Instituto para a diversificación e aforro da enerxía, en función das características da instalación. Polo tanto, para xustificar esta condición, deberá achegarse a documentación xustificativa do SCOPnet para clima cálido ou ben o ensaio para a obtención do COP, do factor de corrección FC e do factor de ponderación FP segundo a zona climática e o tipo de instalación.

No caso das instalacións de solar térmica, para os efectos destas bases considerarase como potencia térmica nominal a correspondente a unha radiación de 1.000 W/m$^2$ e un salto térmico de 50 ºC.

2. Intensidade de axuda.

A intensidade de axuda que se aplicará sobre o custo subvencionable, en función da tipoloxía de proxecto e da tipoloxía de empresa, é a que se indica a continuación (para a determinación do tamaño de empresa terase en conta a metodoloxía do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014):

| Tipoloxía do proxecto | Intensidade de axuda | | |
|---|---|---|---|
| | Grande empresa | Mediana empresa | Pequena empresa |
| Proxectos de aforro e eficiencia enerxética | 35 % | 45 % | 55 % |
| Proxectos de enerxías renovables [1] | 45 %/30 % | 55 %/40 % | 65 %/50 % |

[1] A primeira porcentaxe aplicarase aos investimentos asociados á xeración de enerxía procedente de fontes renovables e a segunda, a aqueles investimentos non asociados á xeración (almacenamento enerxético, equipamentos consumidores de hidróxeno renovable, etc.).

A axuda máxima por solicitude establécese en 700.000 €.

Artigo 23. *Documentación complementaria*

a) Memoria técnica do proxecto segundo o modelo dispoñible na web do Inega (www.inega.gal) segundo a tipoloxía do proxecto.

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

b) Características técnicas dos equipamentos para os que se solicita a axuda subministradas polo fabricante (catálogo, certificado ou ficha técnica do fabricante) onde se inclúan datos de produtividade do equipamento, potencia nominal e rendemento enerxético.

c) Fotografías do lugar previsto para a instalación do novo equipamento. No caso de substitución de equipamentos existentes, deberanse achegar tamén fotografías destes.

d) Plano de situación onde se indique a localización dos equipamentos. Fotografía de vista aérea en que se indique de forma apreciable a edificación/parcela onde se executará a instalación (Sixpac, Catastro, etc.). Croquis ou planos en que se localicen os equipamentos na edificación.

e) No caso de que proceda, oferta dun provedor ou documento xustificativo que avale a hipótese de contraste, conforme o recollido no artigo 38.3 do Regulamento (UE) 651/2014. A hipótese de contraste corresponderá a un investimento cunha capacidade de produción e un ciclo de vida comparables que cumpra normas da Unión que xa estean en vigor. A hipótese de contraste será crible á luz dos requisitos legais, das condicións do mercado e dos incentivos xerados polo réxime de comercio de dereitos de emisión da UE.

f) No caso de proxectos que requiran autorización administrativa previa ou de construción da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, deberá achegarse copia da autorización na fase de solicitude de axuda.

Artigo 24. *Instrución dos procedementos, resolución e notificación*

1. As solicitudes de axuda serán avaliadas polos servizos técnicos do Inega en función dos datos relativos á persoa solicitante e dos datos declarados na solicitude de axuda e no formulario electrónico e da documentación presentada.

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e ao ser unha convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva, as axudas resolveranse segundo o establecido no artigo 2.3 destas bases reguladoras.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude ou o formulario non reúnen

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

algunha da documentación ou informacións previstas nas bases, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. O director do Inega ditará proposta de resolución con base neste procedemento e elevaraa á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, quen resolverá a concesión das subvencións por delegación do Consello de Dirección do Igape.

A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación da persoa beneficiaria, a contía da subvención e as obrigas que correspondan.

Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o establecido no punto cuarto da resolución de convocatoria; transcorrido este, poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

4. As notificacións das resolucións e actos administrativos do procedemento practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As persoas solicitantes deberán acceder á páxina web do Igape na ligazón tramitación telemática (https://www.igape.gal/gl/notificacion-telematica) para recibir as notificacións. O sistema solicitará da persoa interesada o seu certificado dixital en vigor e a sinatura electrónica dun xustificante de recibo das notificacións (xustificante de recepción telemático).

Artigo 25. *Xustificación da execución. Documentación xustificativa*

a) Declaración expresa por parte da persoa beneficiaria de que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude e na documentación inicial ou indicando os cambios acontecidos, que o proxecto se axusta a normativa vixente e se obtiveron todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa execución. Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible o modelo de declaración a que se refire este punto.

b) Informe técnico da actuación realizada, segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.gal). De existiren modificacións no proxecto, deberase indicar no in-

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

forme técnico da actuación realizada e achegar a documentación técnica presentada coa solicitude que se vexa afectada polas modificacións.

c) Fotografías dos equipamentos principais instalados no lugar (realizadas desde os mesmos puntos que as fotografías presentadas na solicitude).

d) Certificado asinado polo técnico instalador, en que se indique a data de finalización da instalación que se subvenciona. Lémbrese que a data de finalización da obra debe estar comprendida dentro do período de xustificación.

e) No caso de instalacións de xeración eléctrica, xustificante de solicitude de inscrición no Rexistro de Instalacións de Baixa Tensión, en que se recolla tanto a identificación do titular da instalación como o código de acceso, para ter a posibilidade de verificación se for necesario.

Para o resto de proxectos, cando proceda, xustificante de solicitude de inscrición no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria, en que se recolla tanto a identificación do titular da instalación como o código de acceso, para ter a posibilidade de verificación se for necesario.

f) Para instalacións de autoconsumo eléctrico, declaración do instalador e da persoa beneficiaria de que a instalación de autoconsumo obxecto da subvención se clasifica como subministración de autoconsumo con ou sen excedentes, conforme o modelo dispoñible na web do Inega (www.inega.gal). No caso de instalacións sen excedentes, debe xuntarse a esta declaración documentación xustificativa do mecanismo antivertedura.

g) No caso de que fose esixible pola normativa vixente, deberá contarse coa autorización emitida pola consellería competente en materia de industria para a posta en servizo da instalación. No caso de que non se obtivese a autorización, si deberá terse solicitado, o que se acreditará documentalmente.

h) Para instalacións de xeración eléctrica de máis de 25 kW, certificado de inspección da instalación de baixa tensión favorable emitido por un organismo de control.

i) Memoria técnica de xustificación da publicidade da axuda, segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.gal).

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **AXUDAS EXTRAORDINARIAS Á INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN - LIÑA A** | **IG300I** | **SOLICITUDE** |

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

| ACTIVIDADE |
|---|
| |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

As notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do enderezo da internet https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual
Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual, logo de identificación mediante certificado.

| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| | |

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos, consignados, relativos á conta bancaria indicada.

| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | IBAN | | | | | | |

**ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE**

| ESCRITURA Nº | DATA ESCRITURA | OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO | Nº DE PROTOCOLO | NIF SOCIEDADE | DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

**PODER DE REPRESENTACIÓN**

| PODER Nº | DATA PODER | OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO | Nº DE PROTOCOLO |
|---|---|---|---|
| | | | |

**SOLICITUDE PARA**

**Liña de apoio ao amparo da que solicita a axuda:**

☐ IG299 Axudas extraordinarias á industria de automoción en Galicia - Liña A. Seleccione todas as opcións que inclúa a súa solicitude.

- ☐ Presenta investimentos ou gastos desde o 1 de xaneiro de 2024 e anteriores á solicitude:
  - ☐ Maquinaria ou bens de equipamento
  - ☐ Obras de reforma ou rehabilitación de naves ou espazos produtivos
  - ☐ Programas de implantación de solucións tecnolóxicas (software e hardware)
  - ☐ Outros investimentos en activos fixos
  - ☐ Estudios ou análises de transición ou consultoría estratéxica
- ☐ Presenta investimentos ou gastos previstos posteriores á solicitude:
  - ☐ Maquinaria ou bens de equipamento
  - ☐ Obras de reforma ou rehabilitación de naves ou espazos produtivos
  - ☐ Programas de implantación de solucións tecnolóxicas (software e hardware)
  - ☐ Outros investimentos en activos fixos
  - ☐ Estudios ou análises de transición ou consultoría estratéxica.

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

ANEXO I
(continuación)

**DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO**

| CATEGORÍA DA EMPRESA | | |
|---|---|---|
| ☐ PEQUENA EMPRESA | ☐ MEDIANA EMPRESA | ☐ GRANDE EMPRESA |
| A EMPRESA ESTÁ ASOCIADA Á FUNDACIÓN CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA? | | ☐ SI ☐ NON |
| ACTIVIDADE DA EMPRESA: | | CNAE 2009 |
| Nº EMPREGADOS: | BALANCE XERAL ANUAL | VOLUME DE NEGOCIOS |

A persoa solicitante ten a consideración de empresa autónoma, por non poder cualificarse como empresa asociada, nin como empresa vinculada, segundo se define no anexo I do Regulamento 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014 (DO L 187, do 26.6.2014).
☐ SI ☐ NON

**NOTA:** no caso de que a empresa non teña a consideración de autónoma, deberá achegar as contas e a documentación necesaria para proceder ao cálculo dos efectivos das empresas asociadas e/ou vinculadas, ou ben, e se existen, as contas consolidadas onde consten os datos das citadas empresas.

**DATOS PARA OS GASTOS E INVESTIMENTOS ANTERIORES Á DATA DE SOLICITUDE**

| Nº de factura | Provedor | NIF | Data factura | Concepto | Importe sen IVE | Importe con IVE | Data valor pagamento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| TOTAL DE CUSTOS EFECTUADOS PREVIOS Á SOLICITUDE | | | | | | | |

| | Nº de factura | Provedor | Adxuntos |
|---|---|---|---|
| 1 | | | ☐ Factura<br>☐ Documento de pagamento |
| 2 | | | ☐ Factura<br>☐ Documento de pagamento |
| 3 | | | ☐ Factura<br>☐ Documento de pagamento |
| 4 | | | ☐ Factura<br>☐ Documento de pagamento |
| 5 | | | ☐ Factura<br>☐ Documento de pagamento |

**DATOS PARA OS GASTOS E INVESTIMENTOS PREVISTOS, POSTERIORES Á DATA DE SOLICITUDE E ATA O 31 DE DECEMBRO**

| Concepto | Provedor elixido | Importe sen IVE | Importe con IVE |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL INVESTIMENTOS E GASTOS CONSULTORÍA | | | |

**PARA GASTOS OU INVESTIMENTOS PREVISTOS DE MÁIS DE 15.000 € (OU MÁIS DE 40.000 € NO CASO DE OBRAS). RELACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS:**

| Concepto gasto ou investimento | Oferta 1 | | Oferta 2 | | Oferta 3 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe con IVE | Provedor | Importe con IVE | Provedor | Importe con IVE | Provedor |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 127 | Martes, 2 de xullo de 2024 | Páx. 40288

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

ANEXO I
(continuación)

**TODAS AS OFERTAS DEBEN XUNTARSE AO PRESENTE FORMULARIO:**

| | Provedor | Adxuntos |
|---|---|---|
| 1 | | ☐ |
| 2 | | ☐ |
| 3 | | ☐ |
| 4 | | ☐ |
| 5 | | ☐ |
| 6 | | ☐ |
| 7 | | ☐ |
| 8 | | ☐ |

**CÁLCULO DA AXUDA SOLICITADA:**

| | |
|---|---|
| Total de investimentos e gastos anteriores á solicitude | |
| Total de Investimentos previstos posteriores á solicitude e ata o 31.12.2024 | |
| Total de gastos previstos posteriores á solicitude e ata o 31.12.2024 | |
| SUMA (A) | |
| Cálculo da axuda (70 % A) = (B) | |
| Axudas recibidas *de minimis* nos tres anos anteriores (C) | |
| Se B < (300.000 – C), SUBVENCIÓN = B | |
| Se B > (300.000 – C), SUBVENCIÓN = (300.000 – C) | |

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

- Que obtivo na aplicación informática para cubrir solicitudes, http://tramita.igape.es, un documento electrónico (IDE), cuxo identificador, e o seu código de comprobación, debe indicar a continuación de xeito obrigatorio. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

| IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS | CÓDIGO DE COMPROBACIÓN |
|---|---|
| | |

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

- Para as entidades suxeitas a inscrición no Rexistro Mercantil: que cumpriu coa obrigación de depósito no Rexistro Mercantil das contas anuais correspondentes ao último exercicio coa obrigación de depósito, segundo os artigos 366 e 368 do Regulamento do Rexistro Mercantil (RD 1784/1996, do 19 de xullo) e o artigo 279.1 do texto refundido da Lei de sociedades de capital.

- Que os provedores non están asociados nin vinculados coa empresa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación entre empresas se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 43.2 do Decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos números 2 e 3 respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

- Que compren os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros, cando as persoas solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
  - ☐ Non solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
  - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |

VÁLIDOS SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: cob9d2t5-2ki9-mpb1-thf8-wkjg5tmn9nb0

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

ANEXO I
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)**

- Que en relación con outras axudas solicitadas e/ou concedidas en réxime *de minimis*:
  - ☐ A empresa non solicitou e/ou recibiu axudas en réxime *de minimis* nos tres anos anteriores.
  - ☐ A empresa solicitou e/ou recibiu axudas *de minimis* nos tres anos anteriores, que son as que a continuación se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Que o proxecto para o que solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda, e comprométese á obtención de todos os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a súa execución.
- Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.
- Que a persoa solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
- Conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de catro anos desde a súa presentación.
- Que a persoa solicitante non recibiu ningún tipo de axudas para o proxecto obxecto da presente solicitude e, en calquera caso, comprométese a comunicar ao Igape a obtención de calquera subvención no momento en que esta se produza.
